
ARQUIVO DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA



MEMORIA ANUAL

Ano 2024

Índice:

1.- A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA.	2
2.- O SERVIZO DE PATRIMONIO DOCUMENTAL E BIBLIOGRÁFICO.	3
3.- O ARQUIVO PROVINCIAL.....	6
3.1.- AS INSTALACIÓNS.	6
3.2.- OS FONDOS DOCUMENTAIS DO ARQUIVO.....	7
3.3.- INGRESOS – TRANSFERENCIAS.	15
3.3.1.- INGRESOS ORDINARIOS.....	15
3.3.2.- INGRESOS EXTRAORDINARIOS.....	16
3.3.3.- INGRESOS E VOLUME TOTAL.	16
3.4.- SERVIZO DE CONSULTA.....	19
3.4.1.- Servizos internos.	19
3.4.2.- Servizos externos.....	19
3.5.- OUTRAS TAREFAS E ACTIVIDADES.	20

1.- A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA.

En Galicia, a primeira Deputación constitúese o 19 de marzo de 1813, presidida polo marqués de Campo Sagrado, contando cun vicepresidente e sete vogais representando as sete cidades capitais das antigas provincias.

O nacemento da provincia como entidade local con vida propia data da Constitución de Cádiz, aprobada no ano 1812, que estableceu por vez primeira no seu artigo 325 unhas institucións, as deputacións provinciais, concibidas como órgano reitor de cada unha delas, presididas polo xefe superior e con funcións básicas de control e vixilancia da administración dos lugares que integran aquela.

Haberá que esperar até o decreto das Cortes de 27 de xaneiro de 1822 para que se plasme unha nova división provincial que divide a Galicia nas catro provincias actuais, con pequenas variacións, asignándose a capitalidade da provincia actual á Vigo, onde se constituirá a Deputación Provincial o 24 de maio de 1822, chegando a funcionar algo máis dun ano, data na que volven ser suprimidas pola restitución do rei Fernando VII.

Co decreto de 30 de novembro de 1833, inspirado por Javier de Burgos, iníciase o proceso definitivo que culmina coa restitución das catro provincias galegas actuais e a constitución das Deputacións actuais, sendo o 12 de febreiro de 1836 cando se constitúe definitivamente a de Pontevedra, logo de certas disputas coa cidade de Vigo, reticente a perder a capitalidade.

Desde o ano 1836 até hoxe, a Deputación vén desempeñando con total continuidade un amplo abano de funcións e actividades, que foron variando de acordo coa lexislación aplicable en cada momento. Inicialmente, a Constitución de Cádiz asígnalle as funcións de aprobar os repartimentos das contribucións dos pobos da provincia, velar polo axeitado investimento dos fondos públicos, coidar o establecemento dos concellos, propoñerlle arbitrios ó Goberno, promover a educación, a agricultura e a industria, formar o censo e a estatística provincial, coidar dos centros benéficos e dar conta das infraccións que xurdan na provincia.

A lexislación actual asígnalle as competencias propias de coordinar os servizos municipais entre si para garantir a súa prestación adecuada; a asistencia xurídica, económica e técnica ós concellos; a prestación de servizos públicos de carácter supra-municipal e, en xeral, o fomento dos intereses particulares da provincia.

Este cúmulo de xeneralidades que se vén mantendo en toda a lexislación local provocou unha serie de actuacións moi diversificadas, das que quedarán moitos testemuños documentais e que se reflicten no cadro de clasificación do fondo documental desta institución.

As modificacións alcanzaron tamén a propia organización da institución e a designación, competencias e denominación dos seus órganos de goberno e órganos administrativos.

O órgano unipersoal que dirixe a Deputación é inicialmente o xefe político, antecedente directo do gobernador civil, sendo o primeiro presidente desta institución D. Miguel del Pino. En 1863 establécese que a Corporación elixa entre os seus membros un presidente para cada sesión, pero logo o sexenio revolucionario volve á figura do gobernador civil- presidente de facto. Será a lei de 1870 a que estableza a figura do presidente para un período de sesións, sendo nomeado polo propio gobernador civil ou pola Corporación dependendo do momento. Con posterioridade, na maior parte das ocasións será o gobernador o que nomee directamente ó Presidente e non será até o ano 1950 cando apareza a figura do presidente da Deputación como órgano diferenciado e independente do gobernador civil, que aínda así e todo permanecerá como presidente nato da institución até 1978. No período democrático o presidente é un órgano electo, de forma indirecta, entre e polos deputados provinciais.

Nun principio o número de deputados que integraban o Pleno da Corporación era de sete, un por partido xudicial, variando sucesivamente tanto a fórmula de elección coma o número total destes, alcanzando na actualidade un total de 27 deputados, como representación proporcional ó número de habitantes dos 13 partidos xudiciais.

Esta estrutura complétase con outros órganos colexiados estables, ademais das variables comisións informativas e especiais creadas en cada período.

2.- O SERVIZO DE PATRIMONIO DOCUMENTAL E BIBLIOGRÁFICO.

O Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico insírese no organigrama da Deputación de Pontevedra como órgano encargado da planificación e desenvolvemento das actuacións relacionadas co patrimonio documental e bibliográfico, resultado das actuacións do Arquivo e da Biblioteca e coa finalidade básica de difundir a información e a cultura.

A súa formulación organizativa inclúe catro grandes áreas de actuación: Patrimonio Documental, Patrimonio Bibliográfico, Editorial e Memoria Histórica.

+ No relativo ao **Patrimonio Documental** conta con dúas seccións:

1.-Arquivo da Deputación: a súa función básica consiste en recoller, organizar e servir a documentación producida polos propios organismos da Deputación e aqueloutros fondos recibidos por vías e causas diversas (compras, doazóns...).

2.-Patrimonio Documental Provincial: encargado da información e asistencia técnica permanente en todo o que atinxe ao patrimonio documental existente na

provincia de Pontevedra, especialmente aquel ligado ás entidades locais segundo a función legal atribuída ás deputacións para lles proporcionar asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica ós concellos.

En canto ao **patrimonio bibliográfico** destacamos:

1.-A Biblioteca: que xestiona o fondo bibliográfico xurdido a partir dunha política de adquisicións, doazóns e intercambio bibliográfico de monografías referidas á provincia de Pontevedra e a Galicia. Conta ademais entre as súas funcións a da salvagarda e divulgación do patrimonio cultural inmaterial deste territorio.

2.-A sección de fondos audiovisuais, que ten como misión a conservación e promoción do patrimonio audiovisual, entendendo como tal o constituído por imaxes (fotografía ou imaxes en movemento) e sons, así como os soportes necesarios para a súa consulta. Conserva a documentación xerada pola institución no desempeño das súas actividades e ademais ten como obxectivo localizar, xestionar e difundir o patrimonio audiovisual provincial ou relacionado coa mesma.

3.-A Cartoteca Provincial Domingo Fontán e a Casa do Mapa. A primeira ten a finalidade de formar, organizar e difundir un fondo cartográfico especializado, reunindo todo o material cartográfico editado sobre a provincia de Pontevedra. A segunda, é o centro provincial de documentación, información xeográfica e distribución dos servizos xeográficos do CNIG (Centro Nacional de Información Geográfica).

+ A **Editorial** ten a función de darlle forma e funcionalidade á política desta Deputación no que respecta á edición e difusión das publicacións periódicas e dos fondos bibliográficos. O Servizo de Publicacións nace en 1986 e dispón dunha ampla gama de obras editadas, froito dunha coidada selección de coleccións e temas.

+ O departamento de **Memoria Histórica**, creado no 2021, foi desmantelado no 2023 co cambio da Corporación Provincial. Tiña un dobre obxectivo: por unha banda, recuperar a memoria silenciada polo golpe de Estado de 1936 desde unha perspectiva de clase, país e xénero, retomando a identidade colectiva a través da historia de persoas e organismos que traballaron por unha sociedade máis igualitaria e que viron o seu soño truncado polo fascismo. Por outra, loitar contra a impiedade do réxime franquista, apoiando e adoptando canta medida estea ao noso alcance para recoñecer e reparar a memoria das vítimas do 36, da ditadura franquista e dos anos da transición.

Os seus fondos documentais, audiovisuais e bibliográficos mantéñense no Servizo a disposición da cidadanía formados pola ADPO.28. COLECCIÓN DOCUMENTAL MEMORIA HISTÓRICA. A súa finalidade foi a organización e descrición daquelas achegas documentais, en calquera soporte, referidas ao tema e a o período concreto e que se foron recuperando por calquera fórmula ou procedemento.

RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO ADSCRITOS A PATRIMONIO DOCUMENTAL E BIBLIOGRÁFICO								
DESCRIPCIÓN POSTO	DOT	CD	C. ESP.	T	P	AD	GRUPO	CP
XEFE/A DE SERVIZO PATRIM. DOCUMENTAL E BIBLIOGRÁFICO	1	29	34.024,20	S	L	AE	A1	TS
TÉCNICO/A DE XESTIÓN ADMINISTRATIVA DE PATRIMONIO DOCUMENTAL	1	27	12.754,44	S	C	AE	A1	TS
XEFE/A DE SECCIÓN ARQUIVO CENTRAL	1	26	12.040,35	S	C	AE	A1	TS
XEFE/A DE SECCIÓN ARQUIVOS DA PROVINCIA	1	26	12.040,35	S	C	AE	A1	TS
XEFE/A DE SECCIÓN BIBLIOTECA SUÁREZ LLANOS	1	26	12.040,35	S	C	AE	A1	TS
XEFE/A DE SECCIÓN FONDOS AUDIOVISUAIS	1	26	12.040,35	S	C	AE	A1	TS
ARQUIVEIRO/A BIBLIOTECARIO/A FONDOS ESPECIAIS	1	25	11.078,55	S	C	AE	A1	TS
XEFE/A SECCIÓN CARTOTECA	1	25	10.310,60	S	C	AE	A2	TM
TÉCNICO/A DE ARQUIVOS	4	23	9.139,48	N	C	AE	A2	TM
TÉCNICO/A MEDIO/A ARQUIVO E BIBLIOTECA	2	23	9.139,48	N	C	AE	A2	TM
TÉCNICO/A MEDIO/A EN TRADUCCIÓN	1	23	9.139,48	N	C	AE	A2	TM
ADMINISTRATIVO/A X. NEGOCIADO PATRIMONIO MATERIAL E MEMORIA HISTÓRICA	1	22	8.669,71	S	C	AX	C1	AD
CORRECTOR/A DE PROBAS XEFE/A NEGOCIADO	1	22	8.669,71	S	C	AE	C1	TA
TÉCNICO/A ESPECIALISTA EDUC.DIÚRNA	1	21	8.238,75	N	C	AE	C1	TA
XEFE/A DE ALMACÉN	1	21	7.845,06	N	C	AE	C1	EN
ADMINISTRATIVO/A	2	20	8.316,47	N	C	AX	C1	AD
TÉCNICO/A ESP. DOCUMENTALISTA AUDIOVISUAL	1	20	8.316,47	S	C	AE	C1	TA
TÉCNICO/A ESP. EN ARQUIVO E BIBLIOTECA	1	20	8.316,47	S	C	AE	C1	TA
TÉCNICO/A ESP. EN CARTOGRAFÍA	1	20	8.316,47	S	C	AE	C1	TA
TÉCNICO/A ESP. EN COMPOSICIÓN/EDICIÓN	2	20	8.316,47	N	C	AE	C1	TA
AUX. EN DOCUMENTACIÓN AUDIOVISUAL	2	18	8.191,36	N	C	AE	C2	CE
AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	1	18	8.191,36	N	C	AX	CE	AU
OPERARIO/A SER. VARIOS ARQUIVO	1	14	7.232,57	S	C	AE	E	OP
TOTAL UNIDADE 332	30							

- 1) DOT: Dotación: Nº de postos existentes
- 2) CD: Nivel de complemento de destino
- 3) C. ESP.: Importe anual do complemento específico
- 4) T: Tipo de posto de traballo (E: Emprego, N: Normalizado, S: Singularizado).
- 5) P: Forma de provisión do posto de traballo (C: Concurso, L: Libre designación).

- 6) AD: Administración (AX: Admón. Xeral, AE: Admón. Especial, PO: Persoal de oficios, CE: Cometidos Especiais).
- 7) Grupo: Grupo retributivo
- 8) CP: Categoría Profesional (TS: Técnico/a Superior, TM: Técnico/a Medio/a, TA: Técnico/a Auxiliar, AD: Administrativo/a, AU: Auxiliar, EN: Encargado/a, OP: Operario/a)

3.- O ARQUIVO PROVINCIAL.

3.1.- AS INSTALACIÓNS.

O Arquivo, xunto cos demais servizos da Deputación, instálase inicialmente, tras unha breve estancia na rúa Costa de Santa María, no desamortizado convento de San Francisco onde permanece até 1890, ano no que se traslada á nova sede do actual Pazo provincial.

Na actualidade o Arquivo da Deputación ocupa o edificio situado entre as rúas Pai Amoedo, Pai Sarmiento e a edificación do antigo convento dos Xesuítas, á que se une nos puntos extremos.

Esta edificación foi reformada entre os anos 1981 e 1983 para instalar o arquivo na planta baixa e salas de exposicións do Museo e vivenda nas plantas superiores. No ano 2005 iníciase o proceso de restauración completa coa intención de dedicar a totalidade da edificación para as instalacións do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico da Deputación de Pontevedra.

No ano 2008 inaugurouse esta nova sede logo da reforma integral do edificio, o que proporciona unhas instalacións modernas e amplas, axeitadas para o desenvolvemento das actuacións e servizos que se veñen prestando. Entre as premisas do proxecto destacaba o resalte da edificación mediante unha fachada na que se promociona a parte central, que se transforma nun corpo transparente e diáfano, combinando cobre e pedra, que abre o edificio á cidade.

O proxecto, obra do arquitecto José Enrique Pérez-Ardá Criado, da como resultado unha nova distribución interna con cinco plantas: dous sotos para depósito de fondos documentais, cunha superficie de 1.100 m², nos que se instala os equipamentos necesarios para a súa específica función, todos eles con estante compacto.

Na planta baixa dispónse un gran patio distribuidor central, algúns despachos e zonas de servizos comúns, coma o salón de usos múltiples.

Nas plantas superiores distribúense as zonas de traballo e consulta das diferentes seccións do Servizo do Patrimonio Documental e Bibliográfico: arquivo, biblioteca, gabinete de normalización lingüística e editorial, cada un deles cos seus medios e instalacións inherentes.

Ademais desta edificación central dispón o arquivo doutros dous espazos que complementan a capacidade de almacenamento documental, localizados un deles no Centro Infantil "Príncipe Felipe", no que agora se depositan os mandados de pagamento e ingreso e os documentos contables da Deputación, e o outro no Edificio Administrativo, utilizado polos distintos Servizos (Contratación, Mobilidade, Recursos Humanos e Formación, ORAL..) para a custodia temporal da documentación de uso habitual no proceso previo á transferencia definitiva ao Arquivo da Deputación.

3.2.- OS FONDOS DOCUMENTAIS DO ARQUIVO.

O Arquivo da Deputación de Pontevedra conserva e dispón especialmente o fondo documental xerado pola institución no desenvolvemento das súas funcións e servizos.

Xunto con este patrimonio dispón doutros fondos documentais debidamente individualizados que por vías e causas diversas recibidas no seu día, tanto de carácter público ou institucional coma privado e familiar.

FONDOS:

1.- Fondo Deputación de Pontevedra (1708-Actualidade)

O fondo organizouse seguindo un criterio de clasificación orgánico-funcional, co resultado do actual cadro de clasificación, artellado arredor de catro seccións, referidas sucesivamente a xestión dos órganos de goberno colexiados e unipersoais, o funcionamento administrativo, a xestión de servizos e, por último ó control e xestión orzamentario. Cada unha destas seccións subdivídese en subseccións e estas en series e subseries, atendendo á variedade da tipoloxía documental e ás series existentes.

E así no Fondo da Deputación merecen destacarse, entre outros, os documentos que reflicten a creación e modificación dos diferentes concellos que integran a provincia, por ser este un proceso no que sempre interveu a Deputación; así como os libros de actas dos órganos colexiados, mantendo a secuencia cronolóxica desde o período de sesións inicial (acta de constitución da Deputación de 12 de febreiro de 1836).

Por outra parte, o fondo inclúe algunha documentación anterior á creación da Deputación por considerarse antecedente directo e ter a continuidade oportuna na mesma serie en épocas posteriores, destacamos as seguintes series:

- Expedientes de división territorial desde 1833
- Expedientes de camiños, estradas e fontes desde 1830
- Expedientes de visitas as Devesas Reais e Plantíos desde 1748
- Expedientes de quintas desde 1834
- Expedientes de sanidade desde 1833

- Expedientes de beneficencia desde 1786
- Expedientes de educación desde 1834
- Expedientes de Contaduría de propios e arbitrios desde 1759 a 1856, referida ó control económico dos cotos, xurisdicións e concellos

2.-Casa Porto-Briallos (1516-1894): 7 unidades de instalación; 598 agrupacións documentais.

Importante fondo documental con abundantes testemuños dos séculos XVI e XVII. Contén moita información de carácter xenealóxico e tamén económico.

3.-Unión de Xornalistas de Pontevedra (1982-1985): 3 unidades de instalación; 12 agrupacións documentais.

A pesar de ser un fondo pouco voluminoso, tanto as actas coma a documentación dos seus afiliados pode ter certo interese para o coñecemento deste colectivo profesional. Ademais da documentación consérvanse así mesmo cuños, anagramas, diplomas e unha placa conmemorativa.

4.-Xunta Provincial de Ordenación Económico-Social (1941-1961): 15 unidades de instalación; 346 agrupacións documentais.

É unha interesante documentación para estudar as necesidades básicas dos municipios que se traduce documentalmente en enquisas, estatísticas e correspondencia que reflicten as carencias destes anos da posguerra na provincia. Achegan información sobre poboación, infraestruturas e fundamentalmente sobre o paro obreiro.

5.-Colección Gaspar Massó (1535-1982): 1 unidade de instalación; 16 agrupacións documentais.

A documentación foi reunida por Gaspar Massó para os seus estudos sobre Pedro Madruga e a familia Sotomayor, relacionada coa familia Caamaño, que asume o Condado de Maceda. O seu maior interese é a achega de xenealoxías.

6.- Xunta de Axuda a Municipios (1945-1965): 99 unidades de instalación; 2.284 agrupacións documentais.

Información relativa ás obras realizadas nos diversos concellos, pero o máis interesante deste fondo son as fotografías conservadas nos expedientes, que nos deixan constancia de pontes, lavadoiros, fontes, casas dos concellos, camiños e centros rurais de hixiene.

7.-Instituto Nacional de Colonización (1946-1966): 22 unidades de instalación; 1.211 agrupacións documentais.

Documentación de trámite sen maior interese histórico, comprende expedientes de tres clases: subvencións, anticipos e auxilios técnicos para pequenas obras no rural.

8.-Familia Malvar (1512-1877): 15 unidades de instalación; 408 agrupacións documentais.

Contén basicamente documentación relacionada coa evolución familiar, co cobro de rendas e coas propiedades e casas da familia localizadas nas actuais catro provincias galegas. Estas son as casas de Vilerma e Eiroas na provincia de Ourense, a casa da Touza na de Pontevedra, a de Toiriz en Lugo e as de Periscal, Noia e Xallas na Coruña.

Ten grande importancia histórica para estudar as xenealoxías e a historia económica dos séculos XVI e XVII coa súa complicada rede de aproveitamento e xestión.

9.-Familia Mosquera (1674-1961): 1 unidade de instalación; 125 agrupacións documentais.

Contén información sobre foros e modificación do patrimonio familiar de interese para o estudo da historia económica de Galicia.

10.-Familia Caamaño (1411-1895): 138 unidades de instalación con 3.574 agrupacións documentais.

Moi interesante non só para a investigación xenealóxica senón tamén pola abundante información sobre a historia económica, a transmisión da propiedade e a administración do patrimonio no ámbito xeral de Galicia pois abarca as catro provincias. A documentación relativa a preitos é importantísima pola amplitude cronolóxica e refírese basicamente a cuestións patrimoniais e á sucesión de morgados e vínculos, das cales a máis importante é a que produce o marquesado de Vilagarcía entre os séculos XVIII e XIX. Comprende documentación de varias casas e familias que por agregación converxen na familia Caamaño.

11.-Xunta Provincial de Electrificación (1954-1973): 33 unidades de instalación; 387 agrupacións documentais.

Información sobre a paulatina electrificación da provincia.

12.-Servizo Nacional de Inspección e Asesoramento das Corporacións Locais (1834-1985): 155 unidades de instalación con 810 agrupacións documentais.

Documentación de gran interese para os estudos de temática local xa que recollen acordos, visitas de inspección, queixas, reclamacións contra actuacións dos concellos e incluso orzamentos carcerarios.

13.-Padroádegos de Vivendas de Funcionarios (1950-2006): 13 unidades de instalación; 100 agrupacións documentais.

Contén antecedentes dun padroádego de vivendas patrocinado polo Concello de Tui coas datas 1936-1964. Destaca a documentación relativa a construción do edificio da Alameda.

14.-Gota de Leite (1931-1937): 3 unidades de instalación; 5 agrupacións documentais.

Este escaso fondo contén basicamente información sobre a posta en funcionamento da institución e cuestións de contabilidade.

15.-Inclusa Provincial (1773-1958):122 unidades de instalación (71 libros de rexistro e 52 unidades de instalación); 2949 agrupacións documentais.

Ten un grande interese para o estudio da realidade social da infancia, para a busca de biografías familiares e para o estudio histórico e social da cidade de Pontevedra desde o último terzo do século XIX e primeira metade do XX.

16.-Hospicio (1829-1979): 188 unidades de instalación (96 libros de rexistro e 92 unidades de instalación) con 1.254 agrupacións documentais.

Ten grande interese para o estudo da situación social da provincia. Derivada da función de beneficencia e asistencial propia das deputacións e pola súa vinculación económica con ela, estes fondos estiveron sempre baixo a custodia do organismo provincial.

17.-Familia Domínguez Sánchez (1650-1963): 2 unidades de instalación; 178 agrupacións documentais.

Constitúe un importante fondo documental para poder estudar a propia familia e a súa xestión patrimonial . A maior parte alude ó aproveitamento económico das propiedades de Vicente Domínguez Vidal, o seu fillo Juan Domínguez Sánchez e o sogro Álvaro Sánchez. Contén tamén documentación relativa ó escribán Antonio Durán de Castro, veciño das Neves.

18.-Asociación da Prensa de Vigo (1930-1995): 82 unidades de instalación con 506 agrupacións documentais

Constitúe un importante fondo documental para poder estudar a realidade dos protagonistas da prensa viguesa, especialmente no relacionado coa “Hoja del Lunes”.

Destacan neste fondo a documentación referida ás actuacións dos órganos de goberno (Xunta Directiva e Asemblea Xeral) así como a derivada das relacións coas diferentes asociacións nacionais. Tamén é de interese o control dos socios así como toda a referida a un variado conxunto de actividades que desenvolveu a asociación desde 1949.

19.-Familia Nores (1610-2005): 2 unidades de instalación; 18 agrupacións documentais.

Colección documental variada da Familia Nores, especialmente de D. Narciso Nores Salgado e o seu fillo, D. Agustín Nores Patiño, relacionada tanto coas súas

propiedades e actuacións familiares coma coa súa actividade empresarial no sector conserveiro, na contorna da vila de Marín.

20.-Augusto Bárcena Saracho (1631-2013): 31 unidades de instalación con 142 agrupacións documentais

Este fondo está composto por diversos documentos de índole xenealóxica e relixiosa así como de carácter notarial pertencentes á Familia Bárcena Saracho. Ademais, inclúense series documentais compostas por documentación varia relacionada co terreo Sobral, tales como cartas, recibos e outra documentación, ademais de correspondencia, fotografías, postais, revistas e outra documentación de carácter persoal pertencente aos diferentes membros da Familia Bárcena Saracho.

21.-Marqueses de Leis (1502-2009): 9 unidades de instalación; 273 agrupacións documentais.

Contén información interesante para o coñecemento da historia económica, transmisión de propiedades e administración do patrimonio no ámbito local de Pontevedra maiormente, con referencias a outros lugares da provincia nos que a familia posuía propiedades e cobraba rendas.

22.-Ateneo de Pontevedra (1966-2008): 10 unidades de instalación ; 45 agrupacións documentais.

Documentación sobre o funcionamento do Ateneo de Pontevedra, especialmente entre o 1990 e o 2007, con especial referencia aos actos e actividades culturais e a contabilidade. Inclúe tamén o regulamento de 1966, correspondencia dos anos noventa e un libro de rexistro de socios de 1966 a 1988.

23.-Pazo da Buzaca (1455-2013): 41 unidades de instalación; 876 agrupacións documentais

Importante fondo documental con abundantes testemuñas dos séculos XVII ao XIX. Contén moita información de carácter xenealóxico e tamén económico.

Presenta gran interese para o estudo dos foros, vínculos, capelanías e outros aspectos da vida económica das áreas de Caldas de Reis, Moraña, Barro, Cuntis e Vilagarcía. Para o século XIX ten interese para o estudo da administración e da política local e estatal por canto algúns membros da familia Varela ocuparon cargos de relevancia como Deputados Provinciais. É o caso de Lorenzo Varela Sarmiento, Deputado a Cortes, ao mesmo tempo que o seu curmán Benito Espinosa Varela, do Pazo de Cascaxide nas terras do Deza, e Diego López Ballesteros, tamen parente e dono do pazo da Golpelleira de Vilagarcía, entre 1836 e 1865, chegando incluso a presidente do Congreso. A maior parte da documentación é dos séculos XVII e XIX.

24.-Pazo Torre Quintáns (1505-1974): 23 unidades de instalación; 1.039 unidades documentais

Información de transmisión da propiedade, administración do patrimonio, foros, vínculos, e outros aspectos da vida económica das áreas do Salnés: Cambados, Meis, Ribadumia, Caldas de Reis, Portas, Vilanova de Arousa...

É interesante como se mostra a evolución dos foros pois abranguen unha gran amplitude temporal chegando nos derradeiros anos do XIX a moitos preitos entre propietarios e foreiros a raíz do inicio da liquidación dos mesmos polas leis promulgadas durante a primeira metade do século XX. Inclúe un pergameo de 1517 e tres árbores xenealóxicas.

25.- Barcia do Seixo (1315-1673): 1 unidade de instalación; 68 unidades documentais

Conxunto de foros do mosteiro de Armenteira na parroquia de Santa Ana da Barcia do Seixo, correspondentes na súa maioría aos séculos XVI-XVII, ante varios escribáns.

26.- Familia Gándara (1721-2003): 8 unidades de instalación; 478 unidades documentais

Colección documental reunida pola familia Gándara (Portas) con documentación relacionada coa evolución da familia e do seu patrimonio e coa capela construída por don Pedro da Riva e a súa muller, dona Alberta Alonso, con advocación a San Pedro Mártir e San Alberto, no ano 1784, no lugar de Cachal, parroquia de San Pedro de Lantaño, concello de Portas. Inclúense un pequeno grupo de fotografías antigas.

27.- Xosé Velo Mosquera (1921-2021): 4 unidades de instalación; 1 soporte USB

O fondo está constituido por documentos, en diferentes formatos, que son produto da actividade política e cultural de Xosé Velo Mosquera e que se agruparon do seguinte xeito:

- 1.- Fondos documentais (poemas; ensaios e publicacións; recortes de prensa: relacionados principalmente co Santa María e outros documentos).
- 2.- Fondos audiovisuais (fotografías e audiovisuais).

28.- Colección documental Memoria Histórica (1900-2022): 7 unidades de instalación; 923 unidades documentais.

A súa finalidade foi a organización e descrición daquelas achegas documentais, en calquera soporte, referidas ao tema e a o período concreto e que se foron recuperando por calquera fórmula ou procedemento.

Iniciouse a colección cun depósito gratuito de documentos pertencentes a José Manuel Rodríguez Fernández, que fora director da prisión provincial de Pontevedra e do campo de concentración de Figueirido, cedido gratuitamente polo anticuario pontevedrés Rogelio Torres Hermida (Numismática Sarmiento).

A colección está formada por dúas seccións: o programa "*Cae de caixón*" e a colección documental Reboiras.

Co proxecto "*Cae de caixón*" se recibiron coleccións documentais que se integraron nesta colección documental agrupados polo depositario dos mesmos:

Series 1.1. José Manuel Rodríguez Fernández (1 unidade de instalación, 95 expedientes)

Series 1.2. Eusebio Riveiro Veiga (1 carta)

Series 1.3. Augusto Sotelo Zarazo (1 agrupación documental; 6 documentos)

Series 1.4. Raimundo Eugenio Rodríguez Garrido (3 fotografías e 3 agrupacións documentais)

Series 1.5. Manuel Martínez Alonso (1 unidade de instalación; 6 agrupacións documentais)

Series 1.6. Nieves Martínez Rodríguez (15 fotografías)

Series 1.7. Josefina Arruti-Bibiano Osorio-Tafall (356 fotografías)

Series 1.8. Domínguez-Lores

Series 1.9. Picó Pazos (1 axenda)

A **colección documental Reboiras** agrupa documentación do nacionalismo galego dende a fundación da UPG no ano 1964 ata o inicio da década dos oitenta, que foi recompilada por Manuel Reboiras no tempo da súa militancia e como corresponsable Nacional Técnico do Partido. (Datas extremas 1964-1983).

Contén exemplares da revista "Terra e Tempo", da Asamblea Nacional-Popular Galega (AN-PG) e das múltiples organizacións de masas do nacionalismo popular: voceiros sindicais, labregos, do ensino ou voceiros de barrios. A estrutura da colección é a seguinte:

División de Sección 2.1. Documentación Partido Unión do Pobo Galego (UPG)

División de Sección 2.2. Documentación Sindicatos SOG-UTSG-UTBG

División de Sección 2.3. Documentación Sindicatos Labregos CALL-SLG.CCLL

División de Sección 2.4. Documentación Sindicatos Mar- SGTm

División de Sección 2.5. Documentación Sindicatos Ensino- UTEG

División de Sección 2.6. Documentación Sindicatos Estudantes-ERGA

División de Sección 2.7. Documentación Cultural

División de Sección 2.8. Documentación Asamblea Nacional-Popular Galega (AN-PG)

División de Sección 2.9. Documentación Movemento veciñal

División de Sección 2.10. Outra documentación

29.- Manuel Lorenzo Brocos (1910-1933): 1 unidade de instalación.

Fondo depositado en 2023 pola familia propietaria da documentación.

Constitúe un interesante fondo documental para poder estudar o comportamento social da emigración galega a América a través dos datos da vida de Manuel Lorenzo Brocos como fundador e directivo da Sociedade “Hijos del Partido de Lalín” da Habana (Cuba), destacando o seu compromiso coas obras benéficas que se desenvolveron no partido de Lalín, como a edificación do Hospital-Asilo de Lalín ou o apoio para fomentar a instrucción primaria coa creación e mantemento de escolas.

E por outra banda aporta datos para a historia do movemento agrario de Galicia no primeiro terzo do século XX, pois ó retornar das Américas funda o Sindicato Agrario das parroquias de Insua e Duxame do antigo concello de Carbia (Vila de Cruces) nos escasos seis anos de duración (1928-1933), onde o preside.

Comprende documentación como libros de actas, de rexistro, de Caixa, correspondencia e comunicacións, como os seguintes:

- * Estatutos para o Sindicato Agrícola das parroquias de Insua e Duxame do concello de Carbia 1928
- * Libro de actas das Xuntas Directivas do Sindicato Agrícola de Insua e Duxame 1928-1933
- * Libro de actas das Xuntas Xerais do Sindicato Agrícola de Insua e Duxame 1928-1931
- * Libro rexistro do Sindicato Agrícola de Insua e Duxame 1928-1929
- * Libro de Caixa do Sindicato Agrícola de Insua e Duxame 1928-1932
- * Correspondencia, circulares e comunicacións 1929-1933

Como documentación gráfica aporta fotografías persoais, da escola de Dorvisón ou do pendón da Sociedade “Hijos del Partido de Lalín” pintado por él mesmo.

30.- Parque Natural das Illas Cíes (1958-2016): 26 unidades de instalación; 258 unidades documentais.

Como antecedente da creación do Parque Natural das Illas Cíes se aproba a Orde do Ministerio de Agricultura do 20 de outubro de 1975 que acorda tramitar a declaración das Illas Cíes como paraxe natural, ao amparo da Lei 15/1975 de 2 de maio de espacios naturais protexidos.

O Consello de Ministros de 17 de outubro de 1980 aproba o proxecto de Real Decreto declarando parque natural as Illas Cies. Promúlgase o Real Decreto nº 2497/80 de 17 de outubro no B.O.E. de 15 de novembro de 1980. No artigo 5º créase a Xunta Reitora do Parque, un órgano colexiado.

En 1985, xa consolidada a autonomía, a Xunta de Galicia publica o Decreto 75/1985 de 18 de abril (DOGA nº 88 de 9 de maio de 1985) polo que se modifica a composición da Xunta Reitora quedando administrada baixo a Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural da Xunta de Galicia e adscrito a Consellería de Agricultura, Gandeiría e Montes, momento en que é nomeado novo presidente Felipe Bárcena y Varela de Limia.

Na Lei 15/2002 se declara o Parque Nacional Marítimo-terrestre das Illas Atlánticas polo que o día 22 de xullo de 2002 deixa de existir a Xunta Reitora do Parque Natural das Illas Cíes.

Esta documentación é un depósito permanente desde xuño de 2023 que se organizou segundo o seguinte cadro de clasificación:

1 ÓRGANOS DE GOBERNO

- 1.1 Libro de actas da Xunta Rectora
- 1.2 Expedientes de sesións do Pleno
- 1.3 Expedientes de sesións da Comisión Permanente
- 1.4 Cargos de goberno

2 ADMINISTRACIÓN

- 2.1 Regulamentos e lexislación
- 2.2 Correspondencia
- 2.3 Rexistro de entrada e saída

3 CONTABILIDADE

4 ACTIVIDADES E PRODUCCIÓN CIENTÍFICA

- 4.1 Plans de ordenación
- 4.2 Proxectos de obras e actuacións
- 4.3 Traballos de investigación
- 4.4 Recortes de prensa e difusión

3.3.- INGRESOS – TRANSFERENCIAS.

A transferencia ou remisión de fondos é o conxunto de procedementos mediante os que os documentos son remitidos dunha fase a outra de arquivo seguindo o denominado ciclo de vida dos documentos. Desta forma, os documentos son transferidos desde os arquivos de oficina ao arquivo intermedio e, desde este ao arquivo histórico, en función dun calendario previamente establecido. Alén da transferencia ordinaria procedente dos distintos servizos da institución, tamén existen as transferencias ou ingresos extraordinarios que son aqueles que se realizan de forma ocasional e sen prazo determinado.

3.3.1.- INGRESOS ORDINARIOS.

No ano 2024 realizáronse as seguintes transferencias de fondos:

Servizos/seccións	Volume/Unidades
Presidencia	45
Contratación	125
Promoción do emprego e desenvolvemento local	28
Secretaría xeral	30
Turismo Rías Baixas	21
Cidade infantil P. Felipe	101

Intervención-Rendas	26
Igualdade	62
Cultura	10
Benestar Social	13
TOTAL	461

Como se indica no cadro anterior, no ano 2024 transferíronse ao arquivo un total de 461 caixas, que son 111 máis que no exercicio anterior.

3.3.2.- INGRESOS EXTRAORDINARIOS

O ingreso de documentos por transferencias extraordinarias se produce de forma ocasional, sen prazos determinados nin periodicidade algunha; ao contrario, dependen de numerosas continxencias.

No pasado ano realizáronse dous ingresos extraordinarios. Por unha banda, do servizo de asistencia intermunicipal, remitíronse uns 399 expedientes do Consorcio Provincial para a prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, que conformaron 77 unidades de instalación. Por outra banda, recibíronse 4 unidades do servizo de Recursos Humanos.

Servizos/seccións	Datas extremas	Volume/Unidades
Asistencia Intermunicipal		77
Recursos Humanos		4
TOTAL		81 caixas

3.3.3. INGRESOS E VOLUME TOTAL.

Así pois, durante o ano 2024 o Arquivo da Deputación Provincial de Pontevedra ingresou nos seus depósitos un total de **531** unidades de instalación procedentes de polo menos 12 servizos ou seccións da propia institución.

Temos que destacar que estamos a reutilizar as caixas que foron baleiradas no expurgo da serie de Contratación polo que o total de unidades de instalación ocupadas durante o 2024 se desglosa da seguinte maneira:

- A 31 de decembro de 2024 o numero total de unidades de instalación é de **45.425**. Con respecto a 2023 dan un número de 55 novas unidades.
- A 31 de decembro de 2024 o número total de unidades de instalación reutilizadas son **316**.

A continuación, insertamos un cadro a modo de inventario coas novas incorporacións:

INVENTARIO POR SERIES 2024		
Serie	Denominación	Unidades de instalación
1.2.1.	Resolucións Presidenciais	7.201
1.2.4.	Expedientes de honras e distincións	25.487-25.488
1.3.2.	Expedientes de división territorial	25.517-25.518
1.3.5.	Expedientes de constitución da Corporación	15.561
1.3.5.	Expedientes de constitución da Corporación	19.581-19.582
1.3.6.	Mocións	15.554-15.555
1.3.8.	Expedientes de cargos provinciais	15.556-15.558
1.3.8.	Expedientes de cargos provinciais	15.560
1.3.8.	Expedientes de cargos provinciais	15.562
1.4.10.	Expedientes de sesións da Xunta de Goberno	7.182-7.185
2.2.1.	Libro rexistro de entrada de documentos	7.192-7.200
2.2.2.	Libro rexistro de saída de documentos	7.190-7.191
2.4.1.5.	Expedientes de persoal en prácticas	25.477
2.4.1.8.	Recursos. Reclamacións de persoal	25.443-25.444
2.6.3.	Expedientes de contratación de servizos	25.445-25.448
2.6.3.	Expedientes de contratación de servizos	25.455-25.456
2.6.3.	Expedientes de contratación de servizos	29.908
2.6.3.	Expedientes de contratación de servizos	35.651
2.6.4.	Expedientes de contratación de subministracións	29.908
2.6.4.	Expedientes de contratación de subministracións	7.202-7.210
2.6.5.	Expedientes de contratación de obras	7.212-7.220
2.6.5.	Expedientes de contratación de obras	7.222-7.226
2.6.5.	Expedientes de contratación de obras	7.228-7.232
2.6.5.	Expedientes de contratación de obras	7.234-7.242
2.6.5.	Expedientes de contratación de obras	25.483
2.6.5.	Expedientes de contratación de obras	25.489
2.6.5.	Expedientes de contratación de obras	25.501-25.503
2.6.5.	Expedientes de contratación de obras	25.551-25.552
2.7.2	Presupostos	35.592
2.7.4.	Expedientes xerais do Arquivo	35.593
2.7.5.	Expedientes do Servizo de Publicacións	35.588-35.591
2.8.4.	Expedientes de avaliación de riscos laborais	24.765
3.2.1.	Expedientes xerais de Vías e Obras	25.493
3.2.1.	Expedientes xerais de Vías e Obras	25.516
3.2.7.	Expedientes de camiños, estradas e pontes	25.444

3.2.7.	Expedientes de camiños, estradas e pontes	25.484
3.2.7.	Expedientes de camiños, estradas e pontes	25.490-25.493
3.2.7.	Expedientes de camiños, estradas e pontes	45.380-45.408
3.2.10.	Expedientes de parques de maquinaria	45.409-45.420
3.2.11.	Expedientes xerais de urbanismo	25.513
3.2.12.	Infraestruturas e Servizos	25.486
3.2.12.	Infraestruturas e Servizos	25.512-25.513
3.2.13.	Expedientes de medio ambiente	25.500
3.2.13.	Expedientes de medio ambiente	25.513
3.3.21.	Consorcio contra Incendios	7.152-7.154
3.3.21.	Consorcio contra Incendios	7.158-7.165
3.3.21.	Consorcio contra Incendios	20.161-20.171
3.3.21.	Consorcio contra Incendios	20.176-20.187
3.3.21.	Consorcio contra Incendios	20.205
3.3.21.	Consorcio contra Incendios	24.186-24.188
3.3.21.	Consorcio contra Incendios	24.761-24.763
3.4.5.1.	Expedientes de actividades industriais	37.953-37.954
3.4.6.2.	Padroádegó Provincial de Turismo	25.519-25.520
3.7.1.4.	Expedientes xerais de iniciativa social	12.124-12.126
3.7.1.4.	Expedientes xerais de iniciativa social	16.883-16.884
3.7.1.4.	Expedientes xerais de iniciativa social	20.231-20.235
3.7.1.4.	Expedientes xerais de iniciativa social	25.572
3.7.1.4.	Expedientes xerais de iniciativa social	33.444-33.447
3.7.1.4.	Expedientes xerais de iniciativa social	43.780-43.781
3.7.1.5.	Expedientes de subvencións de iniciativa social, sociosanitaria e xuventude	7.117-7.119
3.7.1.5.	Expedientes de subvencións de iniciativa social, sociosanitaria e xuventude	7.723-7.724
3.7.1.5.	Expedientes de subvencións de iniciativa social, sociosanitaria e xuventude	20.207-20.208
3.7.1.5.	Expedientes de subvencións de iniciativa social, sociosanitaria e xuventude	20.214
3.7.1.5.	Expedientes de subvencións de iniciativa social, sociosanitaria e xuventude	20.217-20.219
3.7.1.5.	Expedientes de subvencións de iniciativa social, sociosanitaria e xuventude	20.231-20.235
3.7.1.5.	Expedientes de subvencións de iniciativa social, sociosanitaria e xuventude	25.562-25.571
3.7.1.8.	Expedientes do Programa de Teleasistencia	7.175-7.181
3.7.1.8.	Expedientes do Programa de Teleasistencia	45.242
3.7.3.	Centro Príncipe Felipe. Administración	25.478-25.479
3.7.3.	Centro Príncipe Felipe. Administración	25.504-25.511
3.7.3.	Centro Príncipe Felipe. Administración	25.526-25.545
3.8.4.	Expedientes de ensino secundario	25.461-25.476

3.9.1.	Expedientes de actividades culturais	25.460
3.9.1.	Expedientes de actividades culturais	45.421-45.425
3.9.2.	Expedientes de Plans Culturais	25.556-25.561
3.9.3.	Expedientes de concursos, premios e bolsas	25.553-25.555
4.1.0.6.	Propostas. Autorización de gastos	25.459
4.1.1.1.	Expediente xeral do presuposto ordinario	37.946-37.952
4.2.1.4.	Taxas	35.619
4.2.1.4.	Taxas	35.643
4.2.1.4.	Taxas	37.945
4.2.1.4.	Taxas	37.955-37.957
	TOTAL	371

Do total de 371 unidades de instalación, 316 proceden de unidades reutilizadas e 55 son caixas de nova creación.

3.4.- SERVIZO DE CONSULTA.

O obxecto final dos traballos arquivísticos é por a disposición do público e da propia Institución a información contida nos documentos custodiados no propio Arquivo. Neste senso, podemos distinguir dous grandes grupos de usuarios:

3.4.1.- Servizos internos.

Son aqueles que se prestan á propia Deputación, que inclúe a información, en calquera fórmula, ou o préstamo directo de todo documento orixinal.

3.4.2.- Servizos externos

Os servizos externos poden ser subdivididos en:

- Servizos a outras administracións públicas, mediante consulta, copias e certificacións, daqueles documentos que lles sexan necesarios para o desenvolvemento das súas funcións recoñecidas por lei. Tamén a comunicación dos datos contidos no arquivo que necesiten por motivos históricos, científicos ou culturais.
- Servizo aos cidadáns, desde a premisa de que inicialmente os cidadáns poden consultar calquera documento, excepto aqueles que conteñan datos de acceso restrinxido pola lei.

Inicialmente pode consultarse directamente ou obter informes, copias, certificacións e compulsas de todo documento de libre acceso, salvo que se prexudicara de forma sensible a conservación do documento, ou que entorpeza o normal desenvolvemento do servizo.

- Servizo aos investigadores, co fin de contribuír e fomentar a investigación histórica tanto da provincia de Pontevedra coma das diferentes entidades locais que a forman, estimulando especialmente o uso e consulta dos fondos documentais, sen límite temporal e co uso dos medios de información e reprografía dispoñibles.

As consultas resúmense no seguinte cadro:

Vía de consulta	Nº de usuarios
Consulta presencial	105
Consulta por correo electrónico e telefónicas	278
TOTAL	383

No seguinte cadro podemos apreciar unha baixada respecto aos datos do ano anterior nas consultas.

Consultas externas	2023	2024	Diferencia
Consulta presencial	185	105	-80
Consulta correo electrónico	324	278	-46
TOTAL	509	383	-126

3.5.- OUTRAS TAREFAS E ACTIVIDADES.

Durante o ano 2024 realizáronse outras tarefas máis alá das transferencias e ingreso de documentación e a prestación dos servizos propios dun arquivo. Estas son:

- **Proceso de expurgo de documentación e eliminación de series documentais.** Na Lei 7/2014 do 26 de setembro de arquivos e documentos de Galicia se contempla o proceso de eliminación de documentos. A través do Consello de Avaliación de Documentos de Galicia creado polo Decreto 15/2016 do 14 de xaneiro, hai un procedemento regulado polo que se pasan varios filtros ata a aprobación dos expedientes a destruír.
Por Resolución da Consellería de Cultura, Educación, Formación profesional e Universidades do 13 de decembro de 2023 se autoriza a eliminación de series solicitadas pola Deputación Provincial de Pontevedra.
O obxectivo máis destacado é liberar espazo de almacenamento nos depósitos ante a inxente cantidade de volume documental xerado polos distintos servizos da administración provincial e a capacidade limitada dos depósitos.
Neste caso, o expurgo se fixo sobre unha documentación concreta de expedientes de Contratación de Obras, Servizos e Subministracións. De ditos expedientes se eliminaron os documentos de plicas que non foron as adxudicatarias das empresas que optaron a ditas contratacións.

O proceso iniciouse determinando as datas extremas dos expedientes a expurgar o que deu como resultado o número de unidades de instalación nas que se traballaría eliminando ditas plicas. O traballo de eliminación das plicas provocou a reorganización dos expedientes nas distintas unidades de instalación para deixar os menores ocos posibles dentro delas, unificando e engadindo expedientes ata conseguir a maior cantidade posible de caixas totalmente baleiras así como completar todos os números correlativos nas caixas.

-Series afectadas:

2.6.-CONTRATACIÓN.

2.6.3.- Expedientes de contratación de servizos.

2.6.4.- Expedientes de contratación de subministracións.

2.6.5.- Expedientes de contratación de obras.

- Datas extremas: 1974-2014.

- Nº de unidade de instalación nas que se expurgaron documentos: 1.048.

- Caixas totais baleiras: 785.

- **Luísa Villalta no Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico.** Como persoeira homenaxeada nas Letras Galegas, fíxose unha recompilación de material relacionado coa súa figura. (<https://arquivos.depo.gal/web/patrimonio/-/noticia-luisa-villalta-no-servizo-de-patrimonio-documental-e-bibliografico>)
- **Visita as instalacións do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico do alumnado do obradoiro de emprego “Porremprego Cualifica II” do Concello do Porriño** o 4 de xullo, de 1 h e 45 minutos de duración. Ademais da visita guiada e as explicacións dos programas ATOM e ATOP0, mostrouse unha serie de materiais das seccións de Audiovisuais, Biblioteca e Arquivo, entre as cales figuran as unidades de instalación 994/18, 2.570/1 e 1.349/1 así como a publicación “Inventario do Arquivo do concello de O Porriño”. (<https://arquivos.depo.gal/web/patrimonio/-/noticia-visita-as-dependencias-do-servizo-de-patrimonio-documental-porremprego-cualifica-ii>)
- **Exposición “Pontevedra no tempo”.** O proxecto Cidades no tempo promovido pola Xunta de Galicia e Afundación foi pensado como unha homenaxe as cidades como eixe fundamental da vida de Galicia e ofrecendo novas perspectivas e miradas no proceso de urbanización xeneralizada.
A exposición tivo lugar do 15 de xullo ao 14 de setembro na sede de Afundación en Pontevedra e o Arquivo da Deputación colaborou co préstamo de expedientes e fotografías:
 - Documento: U.I. 369/1. Proxecto do Pazo provincial de Alejandro e Domingo Sesmero (1883). (https://atopo.depo.gal/Record/arc.ADP_0003214108).
 - Documento: U.I. 20.264/1. Expediente da Empresa Nacional de Celulosas. Fábrica Celulosa-ENCE (1974). *Informe técnico da situación do saneamento da zona sur, Proxecto de emisario submariño, Proxecto de control ambiental (planos e fotos)*. (https://atopo.depo.gal/Record/arc.ADP_0003286709)

-Fotografía: U.I.F0117.50.5. “Proyecto de Instituto Gral y Técnico para la ciudad de Pontevedra”. (<https://atopo.depo.gal/Record/bib.161105>).

-Fotografía: U.I. F0117.58.1. “Balneario de Monte Porreiro, Pontevedra”. (<https://atopo.depo.gal/Record/bib.151438>).

-Páxina web da exposición:

(<https://www.afundacion.org/es/agenda/evento/exposicion-pontevedra-no-tempo>).

-Publicación do Catálogo da exposición: Ciudades, Pontevedra no tempo.- Santiago: Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, 2024 (107 p.)

- Difusión dos fondos dixitalizados do Concello de Vigo. (<https://arquivos.depo.gal/web/patrimonio/-/noticia-fondos-dixitalizados-do-concello-de-vigo-accesibles-en-atopo>)
- Catalogación e dixitalización dos fondos gráficos do Arquivo Municipal de Vigo. (<https://arquivos.depo.gal/web/patrimonio/-/noticia-fondos-graficos-do-arquivo-municipal-de-vigo>)
- Colaboración co Arquivo Municipal de Vilagarcía de Arousa na catalogación, dixitalización e posta a disposición no metabuscador Atopo do fondo fotográfico do Liceo Casino de Vilagarcía de Arousa. (<https://arquivos.depo.gal/web/patrimonio/-/noticia-os-fondos-graficos-do-liceo-casino-de-vilagarcia-disponibles-en-atopo>)
- Traballo para a páxina web: **Prisioneiros de guerra na Deputación de Pontevedra (1937-1939).**

Os arquivos son unha das diversas fontes de recuperación da Memoria Histórica. Os documentos gardados nas actuacións administrativas das diferentes institucións amosan a información de actos e procesos ou circunstancias pouco coñecidas aínda actualmente.

Desde os Arquivos temos a obriga de poñer a disposición da cidadanía e para todas aquelas persoas que os queiran coñecer, sucesos e datos contrastados que se recollen na documentación conservada.

No Arquivo da Deputación atopamos un deses casos que por casualidade se conservaron e están plasmados en papeis ata o de agora non revisados.

Comno unha tarefa máis no traballo de revisión de series documentais, esta ano 2024 nos puxemos a describir máis polo miúdo algúns dos expedientes dunha das series máis voluminosas deste Arquivo:

ADPO.1-3.2.7. Expedientes de camiños estradas e pontes.

- **Datas extremas: 1827-2020**
- **Nivel de descrición: Series**

- **Volume e soporte: 1.673 unidades de instalación con 10.058 agrupacións documentais.**

E así como nos atopamos no medio de documentos administrativos, contables, planos e proxectos, un dos procedementos máis vergoñentos encadrados no Golpe de Estado de 1936 e a posterior Guerra Civil que levou a utilizar man de obra esclava, os mal chamados “prisioneiros de guerra”, pois xente sen estar acusada de ningún delito, simplemente por ser acusadas de “desafectas” cos sublevados, eran utilizadas nas obras públicas como peóns nas construcións de estradas e camiños, para así ademáis aforrar a contratación de obreiros libres e obter persoal practicamente “gratuito” e en condicións de traballo penosas.

Esta documentación é destacable tamén porque non foi “depurada” do Arquivo, onde constatamos a existencia de moi poucos datos dos anos da Guerra Civil e os inmediatamente posteriores. (<https://arquivos.depo.gal/prisioneiros-de-guerra-na-deputacion-de-pontevedra-1937-1939>)

- **Asistencia técnica ao Concello de Moraña para a organización do arquivo municipal, pechando o ciclo de papel e implementando o novo cadro de clasificación funcional.** (<https://arquivos.depo.gal/web/patrimonio/-/noticia-actuacion-de-asistencia-tecnica-no-patrimonio-documental-de-morana>)
- **Asistencia técnica ao Concello de Cerdedo-Cotobade para a organización dos arquivos municipais dos antigos concellos de Cerdedo e de Cotobade, así como o arquivo do xulgado de paz de Cerdedo, pechando o ciclo de papel e implementando o novo cadro de clasificación funcional.** (<https://arquivos.depo.gal/web/patrimonio/-/noticia-actuacion-de-asistencia-tecnica-no-patrimonio-documental-de-cerdedo-cotobade>)
- **Asistencia técnica ao Concello da Illa de Arousa, pechando o ciclo de papel e implementando o novo cadro de clasificación funcional.**
- **Asistencia técnica ao Concello de Baiona para a realización do expurgo documental das series relativas ás plusvalías.**
- **Asistencia técnica ao Instituto Sánchez Cantón para a reorganización dos fondos e preparación da documentación a trasladar ao Arquivo Histórico Provincial do Instituto de Pontevedra.**
- **Presentación de libros de temática diversa.** (<https://arquivos.depo.gal/web/patrimonio/-/noticia-o-vicepresidente-rafa-dominguez-presenta-memorias-dun-proscrito>
<https://arquivos.depo.gal/web/patrimonio/-/noticia-rafa-dominguez-presenta-xulio-gil-insercions>)

<https://arquivos.depo.gal/web/patrimonio/-/noticia-fim-unha-historia-do-interceltico>].

- **Celebración do Día das Bibliotecas e publicación do boletín de novidades editoriais.** (<https://arquivos.depo.gal/web/patrimonio/-/noticia-dia-das-bibliotecas-e-boletin-de-novidades>)